

O CALENDARIO LABORAL DE 2006 FIXA COMO DESCANSO RETRIBUÍDO O DÍA DAS LETRAS GALEGAS

□ Substitúe ao descanso tradicional de Aninovo, que coincide en domingo

O Goberno galego aprobou hoxe o decreto polo que se determina o calendario laboral para o ano 2005 na Comunidade Autónoma de Galicia. Como aspecto máis

salientable para o vindeiro ano, substitúese o descanso laboral do 1 de xaneiro, Aninovo, que coincide en domingo, polo 17 de maio, Día das Letras Galegas.

Para a determinación deste calendario séguese o criterio de manter unha estabilidade na determinación das festas laborais para conmemorar todo aquilo que

forma parte da tradición, historia e cultura de Galicia, aproveitando as posibilidades que

permite o calendario anual que, en 2006, fai que coincida en domingo algunha festividade celebrada en anos anteriores. Xa en 2005 foron declarados festivos o 19 de

marzo e o 17 de maio, neste caso en substitución da Festa do Traballo (1 de maio) e do

día de Nadal (25 de decembro).

FESTAS LABORAIS

Segundo o decreto aprobado hoxe, serán festas laborais de carácter retribuído no

territorio da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006 as seguintes:

- * 6 de xaneiro: Epifanía do Señor.
- * 13 de abril: Xoves Santo.
- * 14 de abril: Venres Santo.
- * 1 de maio: Festa do Traballo.
- * 17 de maio: Día das Letras Galegas.
- * 25 de xullo: Santiago Apóstolo. Día Nacional de Galicia.
- * 15 de agosto: Asunción da Virxe.
- * 12 de outubro: Festa Nacional de España.
- * 1 de novembro: Todos os Santos.
- * 6 de decembro: Día da Constitución Española.
- * 8 de decembro: Inmaculada Concepción.
- * 25 de decembro: Natividade do Señor.

Estes días serán inhábiles en canto ao cómputo de prazos administrativos na Comunidade Autónoma de Galicia.